

Organiza:

A.VV. "A OSTREIRA"

Colaboran:

A.C.R. Ponte Vella
Concello de Muros
Almacéns O Castillo de Muros
Ferretería Dosil

IMPORTANTE:

Non se permitirá o
acceso en coche ao
Peirao de Sorribos.

ACTIVIDADES:

12:00 Saída da comitiva dende o
local de construción da Buceta.

12:20 Chegada ao Peirao de
Sorribos.

12:30 Apertura da Cantina.
Recollida de tickets para o xantar.

13:00 Inauguración da exposi-
ción no local social e proxección
dun dvd dos traballos da A.VV. A
Ostreira.

14:00 Escomenzo do Xantar.

15:30 Botadura da Buceta.

MENÚ

- **SALPICON.**
- **PEMENTOS DA DEVESA.**
- **ENSALADA.**
- **CHURRASCO.**
- **CAFÉ E POSTRE.**

PROGRAMA



4 de Xullo 2009
Peirao de Sorribos
Abelleira

UN POUQUIÑO DE HISTORIA...

A construción da buceta, acordouse por unanimidade, nunha Asemblea da Asociación de Veciños celebrada o 29 de decembro de 2007.

O primeiro paso démolono o 2 de febreiro de 2008, ese mesmo día fomos buscala madeira de pino e carballo a zona da Insua e do Pardiñeiro, que foi cedida polos Sobelos, Manolo e Juliana do Mestre.

A madeira de pino estivo a secar ata xullo, e a de carballo estivo no mar ata outubro de 2008.

O proxecto foi encargado ao mestre de carpintería de ribeira, Manuel Brea Olveira. A principios de 2009 preséntanos a maqueta da buceta, que ten as seguintes medidas:

Eslora : 5,10 m Puntal : 0,63 m

Manga : 1,76

A finais de xaneiro escomenza a construción da buceta. O 7 de febreiro plántase a quilla, no garaxe de Manolo de Juliana. Cabe reseñar, que nos resultou moi difícil atopar un lugar idóneo para a fabricación da buceta. Hai que sinalar que o préstamo do local superará os 7 meses.

A finais de febreiro colócanse as primeiras cuadernas, que se rematan de colocar o 1 de maio, en total son unhas 24 cuadernas de excelente madeira de carballo. Os primeiros de maio escomenzase a bancear (colocación das táboas que forman os costados, bordos), son dezaseis bordos que se rematan de colocar o 13 de xuño.

O traballo é de artesanía, e so as dúbidas sobre o remate para o 4 de xullo puideron provocar algún momento malentendidos, que non nos deixaron desfrutar desta obra de arte ao cen por cen, e de seguro que non teremos a oportunidade de volver a ollar.

En canto ao prazo de entrega, cabe dicir que nun principio non era ese, e que foi proposto pola asociación, para poder participar este ano nos Encontros que se celebraran en Muros. Brea foi neste caso o que menos culpa tivo, inda así foi capaz de facer un esforzo sobrehumán para que toda a parroquia poida desfrutar duns días irrepitibles. Debemos sinalar o enorme traballo feito por Domingos, Bertulo e Beiro, sen o seu traballo todo isto non sería posible. Agradecer a todos aqueles e aquelas que en maior ou menor medida tamén axudaron.

Extraordinario tamén, foi o traballo das nosas costureiras: Elena, Carmiña, Lolita, Juliana, Mari Carmen, Divina e María. Dende o 20 de marzo e de xeito ininterrompido os fins de semana foron quen de vestir a preto de 200 persoas. Feito que nos fará desfrutar dunha xornada moi vistosa. A confección dos traxes obríganos a facer unha festa mariñeira para o ano que ven, aproveitate os traxes para a próxima.

Non menos extraordinario foi o traballo de Gelito, capaz de facer unha carpa, que xa tivo tres ampliacións en poucos días, cunha capacidade para 450 persoas, e que no futuro posibilitará que poidamos facer todo tipo de actividades, en calquera época do ano. Destacar tamén a axuda de Eduardo.

Unha vez que faciamos o esforzo de construír a buceta, o mais acaído era que tiñamos que botala na nosa parroquia, e que tiñan que participar outras embarcacións de Galicia.

Conseguímolos pero necesariamente tiñamos que facelo o 4 de xullo coincidindo coa festa do Carme. Foinos imposible facer coincidir todo noutra data. Unha vez que decidimos facela botadura, tiñamos claro que o esforzo sería enorme, pero que tiñamos que sacarlle o maior rendemento posible, e este non é outro que dar a coñecer a nosa parroquia, somos optimistas e pensamos que o vamos a conseguir.

Tamen tiñamos que facer algo acorde co esforzo que fixeron aqueles/as que nos dous derradeiros anos traballaron nos camiños, nas fontes e no barco.

Para esta xornada traballouse arreo, nos derradeiros meses:

- Construción do barco.
- Confección de preto de 200 vestimentas.
- Construción dunha carpa.
- Organización para darlle de xantar a 450 persoas.

Como podes comprobar da nosa parte xa levamos traballando bastante tempo.

Tamen fomos quen de aceptar a todos aqueles que se apuntaron, moitos fóra de prazo, ata que nos vimos na obriga de porlle freo, xa que peli-graba unha boa atención a todos.

Por todo isto pedimos a todos que sigades as instrucións que se vos den, e que teñades un pouco de comprensión. Xente que leva meses traballando aínda o día de festa estará a traballar e non podera desfrutar como tiña dereito.